

O SAMAIN NO COLEXIO



Como cada ano, o 31 de outubro, celebramos o Samaín no noso colexio.

O Samaín é unha das miñas celebracións preferidas, porque ese día podemos ir ao colexio disfrazados, igual que no Entroido.

A única condición é que o noso disface ten que amedrentar á xente.

Non vale disfrazarse de bombeiro, de vaca ou de astronauta.

Canto máis medo dea o disface, mellor!

No Samaín os mestres tamén se disfrazan, pero non todos...

A miña mestra sempre nos sorprende cun disface diferente, e ese día na súa botella en vez de auga sempre hai un líquido de cor vermella que nos mete medo.

Ela di que é sangue de neno que se porta mal, pero nós sabemos que en realidade é zume de arandos.

Hai de todo: bruxas, pantasmas, vampiros, zombis, lobishomes, monstros, demos...

Non imaxinas que ben o pasamos no recreo!

Ese día tamén organizamos un Concurso de Cabazas.

Na casa, coa axuda das nosas familias, temos que baleirar as cabazas e decoralas como queiramos. A ganadora será a que máis medo meta!

Eu este ano vou facer unha cabaza con cara de demo. A ver se teño sorte e é a mellor de todas!

Elixer a resposta correcta:

Cando se celebra o Samaín?

- ☐ O 30 de outubro.
- ☐ O 1 de novembro.
- ☐ O 31 de outubro.

Por que é a súa celebración favorita?

- ☐ Porque comen lambetadas.
- ☐ Porque poden ir disfrazados ao colexio.
- ☐ Porque hai vacacións.

Que condición ten que cumprir o disface?

- ☐ Ten que facer rir á xente.
- ☐ Ten que abraiar á xente.
- ☐ Ten que amedrentar á xente.

Disfrázanse os mestres e mestras no Samaín?

- ☐ Si, disfrázanse todos. É obrigatorio.
- ☐ Non, soamente se disfrazan algúns.
- ☐ Non, non se disfrazan ningún mestre.

De que cor é o que bebe a súa mestra ese día?

- ☐ De cor vermella.
- ☐ De cor verde.
- ☐ De cor amarela.

Que bebida é?

- ☐ Zume de amorodos.
- ☐ Zume de froitos vermellos.
- ☐ Zume de arandos.

Que concurso organizan ese día?

- ☐ Un Concurso de Disfraces.
- ☐ Un Concurso de Cociña.
- ☐ Un Concurso de Cabazas.